

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 9 DE XUÑO DE 2021.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día nove de xuño de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación das actas das Xunta de Goberno Local ordinarias do 5, 12, 19 e 26 de maio de 2021.

### **ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

**1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a declaración de deserto na contratación da subministración de vehículo furgon l1h1 para a brigada municipal de vías e obras. Expte ref. 2020-C004-000024.

Tamén se acorda a resolución do contrato das obras de demolición e reposición ó estado inicial das obras feitas en Tolda de Castela no expediente de infracción urbanística 137/02 en execución da sentenza 371/1998. (exp. ref. 22-2015).

**2. PERSOAL.-** Acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade a sete prazas de inspector da policía local pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda promoción interna (OEP 2018 e 2020).

Así mesmo, acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de intendente da policía local pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda promoción interna (OEP 2018).

**3. FACENDA LOCAL.-** Acórdase aprobar a solicitude de bonificación do 50% da cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras presentada pola declaración de especial interese ou utilidade municipal da construción de instalacións para unha explotación avícola de cebo de polos campeiros en Santa

## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: ispac5950913048877369361.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-6-2021

Cristina-San Román.

Acórdase desetimar o recurso de reposición interposto contra a liquidación núm. 10220557 (230/2020), xirada a nome da mercantil en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, polas obras de modificación de estación de servizo en Soñariño (Soñar).

**4. TESOURERÍA.-** Acórdase a adjudicación de bens ao Excmo. Concello de Lugo en pago de débedas non cubertas, por parte de diversas persoas e entidades.

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**5. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a denegación da licenza urbanística para a rehabilitación (reestructuración) e ampliación de edificio sito na avda. da Coruña, número 23. (Expte: 112/19).

Acórdase tomar razón de sentenza firme nº 98/2021 ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, no recurso contencioso administrativo proceso ordinario número 64/2018, interposto pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística. (Expte: 273/10).

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para cambios na distribución interna, cimentación e estrutura da nave para corte libre de leite, zona de muxido e foxa de xurro cuberta, sen variar a superficie e dimensións, no lugar de Belesar, número 19, parroquia de San Xoán do Campo, (2021/Y001/000066); para parcelamento da parcela sita en Arxemil, parroquia de Teixeira. (Expte. 42/19) e para reestructuración parcial do forxado do solo de planta 2ª do edificio de vivendas, sito na praza Mártires de Carral, número 1. (expte: 2020/Y001/000200).

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**